



DECRETO

Expediente.- 2021/EGFAB/000076

Antecedentes

I.- Nas Bases de execución do Orzamento do Concello para 2021 contéplase a concesión dunha subvención nominativa á entidade Marino de Mera, C.F. por importe de 2.500,00 euros, consignados na aplicación orzamentaria 81.341.48901, para sufragar os gastos de consumos enerxéticos e de subministración de auga do campo de fútbol.

II.- Con data 15 de abril de 2021 e núm. de rexistro de entrada 2021006124 o Marino de Mera, C.F. presenta solicitude de axuda económica para facer fronte aos gastos derivados de consumos enerxéticos e de subministración de auga do campo de fútbol.

III.- En data 04/05/2021 foi ditada providencia da Cuarta Tenente de alcalde delegada de Deportes, Formación e Emprego, Turismo e Promoción Económica ordeando que pola Unidade Xurídica se efectúen as comprobacións de que a entidade está ao corrente nas súas obrigas coa AEAT, ATRIGA, TGSS e Concello de Oleiros, e que se emita informe xurídico relativo ao procedemento e ao contido necesario do acordo de concesión, e posteriormente, que polo Técnico Municipal de Deportes se efectúe o informe-proposta no que se detallen as condicións da concesión.

IV.- O 08/07/2021 foi emitido informe ao respecto pola Asesora xurídica. Asemade, incorporáronse ao expediente os certificados de que están ao corrente nas súas obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA, Seguridade Social (entidade inexistente na SS), e Concello de Oleiros.

V.- A Intervención Municipal emitíu informe favorable o 13/07/2021.

Fundamentos

1º.- A entidade solicitante aportou a seguinte documentación:

- Declaración acreditativa de non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade.
- Declaración acreditativa de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como co Concello de Oleiros, e que autoriza ao Concello para solicitar de oficio as consultas de atoparse ao día nas mesmas.

2º.- Incorporáronse ao expediente os certificados de que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA, Seguridade Social, e Concello de Oleiros, así como o documento contable RC.

3º.- O informe proposta inclúe o contido mínimo do artigo 65.3 do RD 887/2006, polo que se desenvolve a lei 38/2003, xeral de subvencións.





4º.- Segundo o artigo 28.3 das Bases de execución do Orzamento, o órgano competente para a súa adxudicación será a Alcaldía, sen prexuízo das delegacións que poida aprobar.

Polo exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Autorizar un gasto de 2.500,00 euros en concepto de subvención nominativa para facer fronte á subvención que se sinala no punto seguinte, con cargo á aplicación orzamentaria 81.341.48901

Segundo.- Conceder ao Marino de Mera, C.F., con C.I.F.: G701093376, con enderezo na Rúa das Escolas, nº 6 – 15177 Serantes (Oleiros), a cantidade de 2.500,00 euros (dous mil cincocentos euros), en concepto de achega para gastos de consumos enerxéticos e de subministración de auga do campo de fútbol afrontados pola entidade no ano 2021.

Terceiro.- De acordo co establecido no artigo 65.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, as condicións da concesión serán as seguintes:

- a) **Obxecto:** Gastos de consumos enerxéticos e de subministración de auga do campo de fútbol afrontados pola entidade no ano 2021.
- b) **Importe:** 2.500,00 euros.
O importe da axuda non poderá exceder de tal contía que, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou auxilios que perciba o beneficiario doutras entidades tanto públicas como privadas, exceda do importe do gasto realizado.
- c) **Aplicación orzamentaria:** 81.3341.48901
- d) **Compatibilidade:** Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.
- e) **Publicidade:** A concesión da subvención deberá publicarse na páxina web da entidade beneficiaria. Asemade, o Concello procederá á súa publicación a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.
- f) **Obrigas entidade da beneficiaria:**
 - Presentar no prazo de dez días naturais contados a partir da notificación deste acordo, certificado expedido polo Secretario da mesma ou persoa a quen corresponda a facultade, acreditativo do acordo adoptado pola Xunta Directiva polo que se acepta a subvención concedida.
 - Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos.
 - Facer constar na totalidade da publicidade que realice da actividade subvencionada, reseñando o importe e o concepto. A estes efectos, deberá publicitar a través das súas redes sociais a concesión da subvención, concepto e importe no momento que o coñezan.





g) Xustificación:

- O prazo de xustificación rematará o 27/12/2021.
- A xustificación constará da seguinte documentación:
 - Certificado expedido polo Secretario da entidade, co visto e prace do Presidente, de que os fondos foron destinados ao fin para o que son concedidos.
 - Declaración responsable do representante de que o importe da axuda, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou auxilios que perciba o beneficiario doutras entidades tanto públicas como privadas, non excede do importe do gasto realizado.
 - Acreditación da publicidade realizada.
 - Facturas orixinais ou copias compulsadas xustificativas dos gastos realizados e mediante as que se acredite o uso dos fondos concedidos, e os correspondentes xustificantes de pago. Admitiranse como xustificantes as facturas polos subministros devanditos que teñan data de 2021 e sexan aboadas entre o 1 de xaneiro e o 27 de decembro de 2021.

h) Pago: O pago efectuarase despois de presentada a xustificación como se sinala no parágrafo anterior. Porén, poderanse efectuar pagos a conta a medida que se vaian presentando facturas de subministros coa correspondente acreditación do pagamento, sempre que ás mesmas se acompañe o resto da documentación esixida no parágrafo anterior.

Cuarto.- Que se notifique debidamente ao interesado, advertíndolle que contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante este mesmo órgano recurso potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueloutros que estime procedentes.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, e o Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

